

## MANIFESTO 25 N CIFP PORTA DA AUGA

**1237.** Esa é a cifra oficial de mulleres asasinadas en España nos últimos 20 anos, desde que no ano **2003** comezaran a rexistrarse as vítimas de violencia machista. No que vai de ano, **52 mulleres foron asasinadas, 13 mais que o pasado ano nas mesmas datas. Desgraciadamente, a violencia machista está en aumento. As 52 mulleres asasinadas deixaron orfos a 51 menores no conxunto do Estado**, porque non so as mulleres son vítimas desta lacra, tamén o son os seus fillos e fillas. A maioría das vítimas tiñan entre 41 a 50 anos e **só 12 das 52 mulleres asasinadas polas súas exparellas tiñan denuncia interposta, o que significa que o 77% das mulleres asasinadas non denunciaron.**

**En Galicia, son dúas as mulleres asasinadas no que vai de ano. Beatriz, de 47 anos e abogada de profesión, foi asasinada brutalmente na porta da súa casa de Baiona, diante dos seus fillos de 7 e 9 anos, pola súa exparella, profesor. O asasino entregouse a xustiza días despois e enfróntase a unha pena de entre 15 e 22 anos.**

**Ana Vanessa, de 44 anos, traballadora da limpeza** nun camping de Oia, foi asasinada pola súa exparella garda civil, sobre o cal existía unha orde de afastamento, que incumpría en varias ocasións. Dende que entrou en vigor a orde de afastamento, a Garda Civil, realizou 56 intervencións de protección a Ana Vanessa en pouco máis dun mes. **Pero non foi suficiente.** O asasino disparoulle a saída do camping no que traballaba, diante de varias persoas. Acto seguido fuxiu cara o monte, lugar onde rematou suicidándose.

Pero a violencia machista non so é un problema na idade adulta, se nón que empeza a manifestarse na adolescencia. **Segundo o último informe da Fundación ANAR, un 57% das mozas atendidas no seu teléfono durante os últimos catro anos, son vítimas de violencia por parte da súa parella. Isto significa que unha de cada dúas mozas está a sufrir violencia de xénero no noso país. O 47,1% das adolescentes non son conscientes de estar sendo vítimas de violencia de xénero, cifra que se incrementa ao 63,7% no último ano do estudo. Ademais o 70,3% das vítimas de violencia de xénero adolescente non denuncia nin ten intención de facelo.**

A día de hoxe, está de moda entre os adolescentes buscar **parellas “tóxicas”**, que sería o novo nome que se está dando á **violencia machista**. De feito, **cada vez son mais os vídeos que circulan nas redes sociais fomentando este tipo de relacións.** Na adolescencia, a violencia de xénero **maniféstase en forma de abuso verbal, psicolóxico e**

por último, sexual ou físico. O ciclo da violencia iníciase co **control** sobre o aspecto físico e a vestimenta, da paso aos **celos** e ao illamento social, para chegar as **agresións físicas** ou a **grabación non consentida** (e posterior difusión) **das relacións sexuais**. A manipulación e a chantaxe emocional son ferramentas habituais nos maltratadores adolescentes.

Pero a violencia contra as mulleres non a exerce unicamente a parella, é algo estrutural. Cada vez mais mozas sufren acoso a través do móbil ou das redes sociais. Dacordo coa Fundación ANAR, **o 82% dos casos de violencia de xénero na adolescencia están relacionados co uso da tecnoloxía.** Lembremos o acontecido hai uns meses en **Extremadura**, onde varias menores denunciaron que circulaban na rede **fotografías delas espidas creadas mediante intelixencia artificial** polos seus compañeiros de colexio. Situacións como que unha moza suba unha foto a **Instagram** e reciba mensaxes de alto contido sexual, proposicións directas de manter relacións sexuais ou incluso **ameazas** como “se te vexo pola rúa, vas ser miña” son frecuentes nos nosos días, o que pon de manifesto que a **cultura da violación segue arraigada na sociedade.**

O machismo non é cousa do pasado, **é un problema presente**, unha materia pendente para conseguirmos unha sociedade xusta e igualitaria. É preciso concienciármonos de que **a violencia física é o último eslabón da escaleira da violencia machista,** que comeza a idades cada vez mais tempranas e que estamos a tempo de frear.

“**Eu voute querer sempre**”, “ninguén te vai querer máis ca mín”, “se de verdade me queres tí saberás o que tes que facer”, “tí mesma, atenta ás consecuencias”, “se de verdade me queres tes que facer o que eu che digo”, “tes que facerme caso e facer o que che mando porque eu nunca che vou facer dano”. **Palabras e máis palabras que durante anos resonaron nos oídos de todas as vítimas que hoxe lembramos.**

Desde o **CIFP Porta da Auga**, condenamos calquera tipo de violencia contra as mulleres e comprometémonos a:

- Formar e formarnos na detección das violencias machistas na adolescencia
- Educar ao noso alumnado en relacións afectivo-sexuais saudables
- Protexer e apoiar as vítimas de violencia de xénero
- Traballar cos axentes sociais para conseguir unha sociedade libre de violencias

**No Porta da Auga, pasámoslle o ferrollo a violencia de xénero. Ningún xogo (de chaves) abre as portas a violencia.**